

ACTA NÚMERO: 04/2026

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 29 DE XANEIRO DE 2026.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 29 de xaneiro de 2026 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, en funcións de Secretario Accidental.
- D. Carmen de Peña Vidal, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión correspondente ao día, 15 de xaneiro de 2026 (Reunión 02/2026).
2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Radio Popular, S.A. (CIF A28281368) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025078599).
3. Dar conta da oferta presentada pola empresa Rías Baixas Comunicación, S.A. (CIF A36643674) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025079458).
4. Proposta adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de mantemento e soporte para o equipamento da Rede Troncal da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025067223).
5. Proposta adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de dinamización dunha comunidade de aprendizaxe transfronteiriza no marco do "Proxecto C2 Axenda 2030 Local", financiado polo FEDER ao 75% dentro do Programa de Cooperación Transfronteira España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 (Expte. 2025071495).
6. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)". (Expte.- 2025056465).
7. Apertura electrónica dos sobres A correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de desenvolvemento de obradoiros de saúde mental dirixidos aos 19 centros educativos públicos nos que se imparte E.S.O e Bacharelato solicitantes do programa "EN PLAN BEN". (Expte.- 2025077353).
8. Aprobación das valoracións técnicas do sobres "B" relativos á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación da implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos. (Expte.- 2025064680).
9. Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación da implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos. (Expte.- 2025064680).
10. Aprobación das valoracións técnicas do sobre A do procedemento aberto simplificado para a contratación do Servizo de deseño e posta en marcha dun Plan de Formación Sectorial do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Deza e Tabeirós-Terra de Montes "Os camiños por dentro" financiado polo Plan de recuperación transformación e resiliencia (compoñente 14) (Expte. 2025061519).
11. Apertura do sobre B correspondente aos criterios avaliables automaticamente do procedemento aberto simplificado para a contratación do Servizo de deseño e posta en marcha dun Plan de Formación Sectorial do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Deza e Tabeirós-Terra de Montes "Os camiños por dentro" financiado polo Plan de recuperación transformación e resiliencia (compoñente 14) (Expte. 2025061519).



Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación e Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión correspondente ao día, 15 de xaneiro de 2026 (Reunión 02/2026).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente ao día, 15 de xaneiro de 2026 (Reunión 2/2026).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Radio Popular, S.A. (CIF A28281368) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025078599).

Por Resolución Presidencial núm. 2026000084 de data 13/01/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo de cobertura publicitaria con Radio Popular, S.A. de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Radio Popular, S.A. (CIF A28281368), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 14/01/2026.

A empresa Radio Popular, S.A. (CIF A28281368) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	41.322,31 €
IVE (21 %)	8.677,69 €
Importe ofertado con IVE	50.000,00 €



A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Radio Popular, S.A. (CIF A28281368), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026.

3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Rías Baixas Comunicación, S.A. (CIF A36643674) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025079458).*

Por Resolución Presidencial núm. 2026000076 de data 13/01/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo de cobertura publicitaria con Rías Baixas Comunicación, S.A. de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Rías Baixas Comunicación, S.A. (CIF A36643674), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 14/01/2026.

A empresa Rías Baixas Comunicación, S.A. (CIF A36643674) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	66.115,70 €
IVE (21 %)	13.884,30 €
Importe ofertado con IVE	80.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Rías Baixas Comunicación, S.A. (CIF A36643674), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026.

4. *Proposta adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de mantemento e soporte para o equipamento da Rede Troncal da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025067223).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial número 2025009736, de data 28 de novembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do servizo de mantemento e soporte para o equipamento da Rede Troncal da Deputación de Pontevedra. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de



Contratación do Sector Público) con data 2 de decembro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A empresa admitida foi a seguinte:

- SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A.

A Mesa de Contratación na reunión do día 18 de decembro de 2025 procedeu á apertura dos sobres “A”, documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación do referido contrato, remitíndose dita documentación ó Servizo de Novas tecnoloxías para á súa valoración.

A Xefa do Servizo de Novas Tecnoloxías, con data 12 de xaneiro de 2026, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADOR	PUNTUACIÓN SOBRE “A”
SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A.	24,00

A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o día 15 de xaneiro de 2026, a vista do informe emitido pola Xefa de Servizo de Novas Tecnoloxías, prestou conformidade a ponderación asignada á proposta técnica da empresa SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A., e procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, co seguinte resultado:

O valores ofertados foron os seguintes:

- SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A

- Oferta económica: 7.150,00 €
- Ampliación de acordos de nivel de servizo:

TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGÚN CRITICIDAD DA INCIDENCIA		
CRITICIDAD	TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	TEMPO DE RESOLUCIÓN OFERTADO (HORAS)
CRÍTICA	4 HORAS en (24x7x365)	1 hora
ALTA	8 HORAS (en horario de oficina)	1 hora
MEDIA	24 HORAS (en horario de oficina)	8 horas



TEMPOS DE RESPUESTA PRESENCIAL PARA INCIDENCIAS		
CRITICIDAD	TEMPO MÁXIMO DE CHEGADA DESDE A NOTIFICACIÓN DA INCIDENCIA	TEMPO DE RESOLUCIÓN OFERTADO (HORAS)
CRÍTICA	2 HORAS DESDE A SÚA APERTURA	1 hora
ALTA	4 HORAS DESDE A SÚA APERTURA	1 hora

A Mesa de Contratación detecta que a oferta formulada por SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. é anormalmente baixa en canto ao prezo, polo que foi requirida para que a xustificara e precisase as condicións da mesma, en particular no referente ao aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispuxesen para a execución do contrato.

A empresa SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A., presentou dentro do prazo, a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2026003858) xustificación da súa oferta, dando traslado da mesma o Servizo de Novas Tecnoloxías para que emitiran o preceptivo informe.

Consta no expediente con CSV: NS9E3WMBW75DWFWT informe da Xefa de Servizo de Novas Tecnoloxías, no que se recolle o seguinte: "(...)considéranse suficiente e razoada a argumentación presentada pola empresa, polo que se informa favorablemente, ao entender debidamente xustificado o importe do prezo ofertado". Quedando xustificado polo tanto os valores ofertados.

As puntuacións obtidas foron as seguintes:

Criterios de adxudicación	Puntuación máxima	Puntuación SATEC
Menor prezo ofertado, sen IVE	70	70
Ampliación tempos de resolución incidencias	5	5
TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE B	75	75

A Mesa acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas o procedemento aberto convocado para contratación do servizo "Mantemento e soporte para o equipamento da Rede Troncal da Deputación de Pontevedra.", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE "A"	SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (A33117995)	24	75	99



- 2) Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación o procedemento aberto convocado para contratación do servizo “Mantemento e soporte para o equipamento da Rede Troncal da Deputación de Pontevedra”, a empresa SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (A33117995), de acordo co seguinte detalle:

- **Oferta económica**

Importe sen IVE.....	7.150,00 €
IVE (21%)	1.501,50 €
Importe total ofertado:.....	8.651,50 €

- **Ampliación de acuerdos de nivel de servizo:**

TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGÚN CRITICIDAD DA INCIDENCIA		
CRITICIDAD	TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	TEMPO DE RESOLUCIÓN OFERTADO (HORAS)
CRÍTICA	4 HORAS en (24x7x365)	1 hora
ALTA	8 HORAS (en horario de oficina)	1 hora
MEDIA	24 HORAS (en horario de oficina)	8 horas

TEMPOS DE RESPUESTA PRESENCIAL PARA INCIDENCIAS		
CRITICIDAD	TEMPO MÁXIMO DE CHEGADA DESDE A NOTIFICACIÓN DA INCIDENCIA	TEMPO DE RESOLUCIÓN OFERTADO (HORAS)
CRÍTICA	2 HORAS DESDE A SÚA APERTURA	1 hora
ALTA	4 HORAS DESDE A SÚA APERTURA	1 hora

A Mesa de Contratación comproba que a empresa SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (A33117995) atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado. O certificado de inscrición acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas, o cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma de Galicia, co Estado e coa “Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

- 3) Facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (A33117995), mediante comunicación electrónica, para que



no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío, aporten a documentación establecida nos pregos para a adxudicación do contrato.

4) Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

5. *Proposta adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de dinamización dunha comunidade de aprendizaxe transfronteiriza no marco do "Proxecto C2 Axenda 2030 Local", financiado polo FEDER ao 75% dentro do Programa de Cooperación Transfronteriza España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 (Expte. 2025071495).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial número 2025010074, de data 11 de decembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do *servizo de dinamización dunha comunidade de aprendizaxe transfronteiriza no marco do "Proxecto C2 Axenda 2030 Local", financiado polo FEDER ao 75% dentro do Programa de Cooperación Transfronteriza España-Portugal (POCTEP) 2021-2027.*

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 11 de decembro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas que rexen este procedemento aberto simplificado.

Rematado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 08 de xaneiro de 2026, procedeu á apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor.

Unha vez descargada a documentación administrativa, revisouse a mesma, acordando a Mesa de Contratación admitir á única empresa que presentou oferta: Serviguide Consultoría, S.L. (NIF: B70274949). Así mesmo, acordouse trasladar a documentación técnica que presentaron as empresas admitidas á dirección de Proxectos Europeos, do servizo de Cooperación cos Municipios, co obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

A directora de Proxectos Europeos, conxuntamente co xefe do servizo de Cooperación cos Municipios, emitiu informe de valoración dos criterios avaliables mediante xuízos de valor, con data 13 de xaneiro de 2026 e con CSV: R4MZLOR9G35R4WW8, sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		PUNTUACIÓN MÁXIMA	Serviguide Consultoría, S.L. (NIF: B70274949)
Calidade da proposta técnica	Planificación temporal e técnica	3,000	3,000
	Contidos da Metodoloxía de Comunidades de Aprendizaxe Transfronteiriza	5,000	5,000



	Mapa de oportunidades de financiamento para pequenos concellos	5,000	2,000
	Planificación técnica das sesións grupais	4,000	3,000
	TOTAL	17,000	13,000
Deseño e desenvolvemento de proxectos transformadores	Proposta de ideas de proxectos transformadores para concellos de menos de 10.000 habitantes da provincia de Pontevedra	4,000	4,000
	Esquema ou modelo de ficha resumo de proxectos transformadores	2,000	1,000
	Contidos do webinar " <i>Metodoloxía de marco lóxico e deseño de proxectos transformadores</i> "	2,000	2,000
	Modelo de memoria técnica de proxectos transformadores	2,000	2,000
	Metodoloxía de traballo coa CIM Alto Minho para o tramo transfronteirizo da metodoloxía de Comunidades de Aprendizaxe Transfronteiriza	2,000	2,000
	TOTAL	12,000	11,000
Relación de recursos, materiais e ferramentas dixitais previstos para o desenvolvemento e facilitación das actuacións tanto grupais como individuais, así como dos webinarios		4,000	3,000
Plan de xestión de riscos	Identificación de riscos potenciais	2,000	2,000
	Propostas concretas para a avaliación e mitigación de riscos	2,000	2,000
	TOTAL	4,000	4,000
PUNTUACIÓN TOTAL "SOBRE A"		37,000	31,000

A Mesa de Contratación, en reunión celebrada o día 15 de xaneiro de 2026, acordou prestar conformidade ás citadas puntuacións e que se procedese á apertura do sobre "B" da empresa Serviguide Consultoría, S.L. (NIF: B70274949), ao alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliábles mediante fórmulas (18,50 puntos), sendo os valores ofertados os seguintes:

Serviguide Consultoría, S.L. (NIF: B70274949)

1. Menor prezo ofertado, sen IVE:

Importe sen o IVE:	43.021,58 €
IVE (21 %):	9.034,53 €
Importe total ofertado:	52.056,11 €

2. Experiencia adicional do equipo de traballo, superior á mínima establecida nos pregos:

Persoa directora do proxecto	5
Persoa consultora senior	5
Persoa consultora	5



Unha vez realizado o exame da oferta presentada pola única empresa admitida obsérvase que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta presentou un valor anormal ou desproporcionado en canto ao prezo ofertado. En base ao exposto, mediante comunicación electrónica, requeriuse á empresa Serviguide Consultoría, S.L. (NIF: B70274949) para que xustificase a súa oferta e precisase as condicións da mesma, resultando contestada con data 19 de xaneiro de 2026 (nº de rexistro de entrada WEB2026003126 e WEB2026003130).

O xefe do servizo de Cooperación cos Municipios, conxuntamente coa Directora de Proxectos Europeos emite informe con CSV (4TF0IUQTV5QIDFEP) no que se conclúe que *“a proposta da empresa Serviguide Consultoría S.L. (B70274949) e o exposto na xustificación da súa oferta analizada, concreta co debido detalle os termos económicos e técnicos da mesma; resultando acorde ao esixido no contrato e, segundo se explicou, determínase como viable a súa execución, congruente e correctamente fundamentada (...)”*.

A vista de todo o exposto, a Mesa de Contratación acorda:

1.- Aceptar a xustificación da baixa temeraria, presentada pola empresa Serviguide Consultoría, S.L. (B70274949), de acordo cos inalado no informe arriba sinalado, e proceder a valoración dos criterios automáticos, sendo as puntuacións obtidas as indicadas no informe emitido polo Xefe do servizo de Contratación con CSV (UZTP59TN68OR3ACC), que son as seguintes:

	PUNTUACIÓN MÁXIMA	Serviguide Consultoría, S.L.
Menor prezo ofertado, sen IVE	48,000 puntos	48,000 puntos
Experiencia da persoa directora do proxecto	5,000 puntos	5,000 puntos
Experiencia da persoa consultora senior	5,000 puntos	5,000 puntos
Experiencia da persoa consultora	5,000 puntos	5,000 puntos
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE B	63,000 puntos	63,000 puntos

2.- Aprobar a clasificación da oferta presentada e admitida no procedemento aberto simplificado convocado para contratación dos referidos servizos, sendo esta a seguinte:

Clasificación	Empresa	Puntuación Sobres “A” (Máx. 37 puntos)	Puntuación Sobre “B” (Máx. 63 puntos)	Puntuación total
1ª	Serviguide Consultoría, S.L. (NIF: B70274949)	31,000	63,000	94,000



3.- Propor ao órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, á empresa Serviguide Consultoría, S.L. (NIF: B70274949) que acada a mellor puntuación, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polos prezos e valores ofertados.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa Serviguide Consultoría, S.L. (NIF: B70274949), proposta como adxudicataria, atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 3873, e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar. Asemade, consta estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT e coa Seguridade Social, así como dado de alta no IAE.

4.- Facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa Serviguide Consultoría, S.L. (NIF: B70274949), mediante comunicación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles, contando desde o seu envío, aporten a documentación establecida nos pregos para a adxudicación do contrato.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

6. *Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)”. (Expte.-2025056465).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 19 de decembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato para execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de xaneiro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- NAROM, S.L.
- UTE ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. - ASFALTOS GALAICOS, S.L.

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

7. *Apertura electrónica dos sobres A correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de desenvolvemento de obradoiros de saúde mental dirixidos aos 19 centros educativos públicos nos que se imparte E.S.O e Bacharelato solicitantes do programa “EN PLAN BEN”. (Expte.- 2025077353).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial nº 2026000059, de data 12 de xaneiro de 2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do *“Servizo de desenvolvemento de obradoiros de saúde mental dirixidos aos 19 centros educativos públicos nos que se imparte E.S.O e Bacharelato solicitantes do programa EN PLAN BEN”*.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 13 de xaneiro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas, de prescricións técnicas e as bases reguladoras deste procedemento aberto simplificado.



O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas que participan no devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1.- Admitir ás seguintes empresas nos lotes nº 1, 2 e 3:

- Emocional Technologies 22, S.L. (NIF: B05319207)
- Norformacion, S.L. (NIF: B36343218)
- Savisu Soluciones, S.L (NIF: B56328008)

2.- Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A", presentados polas empresas admitidas ao servizo de Xuventude e Reto Demográfico, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen a proposta ofertada seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

8. *Aprobación das valoracións técnicas do sobres "B" relativos á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación da implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos. (Expte.- 2025064680).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 19 de decembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 21/12/2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e no DOUE (Anuncio número 850897-2025) en data 22/12/2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 22 de xaneiro de 2026, procedeu á apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa.



Unha vez descargada a documentación administrativa, revisouse a mesma, acordando a Mesa de Contratación admitir a seguinte empresa:

- ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A. (A-50878842)

A Mesa de Contratación na reunión do día 22 de xaneiro de 2026 tamén procedeu á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B”, correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor das empresas admitidas neste procedemento.

Así mesmo, acordou trasladar a documentación técnica descargada do sobre “B” que presentou a referida empresas ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías ao obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

A xefa do servizo de Novas Tecnoloxías, con data 26/01/2025, emitiu informe de valoración dos criterios avaliados mediante xuízos de valor da oferta presentada por ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A. (A-50878842), sendo a puntuación outorgada a seguinte:

CRITERIO	Máximo	ESPUBLICO
Descrición detallada do servizo	22,00	18,50
Plan de migración	7,00	6,50
Plan de implantación	7,00	6,00
Xestión do cambio	4,00	3,00
Soporte e mantemento	4,00	3,00
Características da solución	15,00	15,00
Arquitectura da solución	5,00	5,00
Funcionalidades da solución	5,00	5,00
Integracións	5,00	5,00
Descrición da xestión do servizo	3,00	2,50
TOTAIS	40,00	36,00

A Mesa de Contratación en base ó citado informe acorda:

- 1.- Prestar conformidade as citadas puntuacións.
- 2.- Que se proceda á apertura do sobre “C”, correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos da empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A. ao superar a puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas, de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.



9. Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación da implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos. (Expte.- 2025064680).

O Secretario informa aos asistentes da puntuación acadada no sobre "B" pola empresa admitida, sendo a seguinte:

CRITERIO	Máximo	ESPUBLICO
Descrición detallada do servizo	22,00	18,50
Plan de migración	7,00	6,50
Plan de implantación	7,00	6,00
Xestión do cambio	4,00	3,00
Soporte e mantemento	4,00	3,00
Características da solución	15,00	15,00
Arquitectura da solución	5,00	5,00
Funcionalidades da solución	5,00	5,00
Integracións	5,00	5,00
Descrición da xestión do servizo	3,00	2,50
TOTAIS	40,00	36,00

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre "C" das empresas admitidas e que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante xuízos de valor, sendo os valores ofertados os seguintes:

1. Menor prezo ofertado para dous anos:

Importe sen o IVE:	300.000,00 € (TRESCIENTOS MIL EUROS)
IVE (21 %):	63.000,00 € (SESENTA Y TRES MIL EUROS)
Importe total ofertado:	363.000,00. € (TRESCIENTOS SESENTA Y TRES MIL €)



2. Disponibilidade de Plataforma de formación continua:

SI ☒ NON ☐

3. Integración na Rede Nacional de Centros de Operacións de Seguridade:

SI ☒ NON ☐

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

10. Aprobación das valoracións técnicas do sobre A do procedemento aberto simplificado para a contratación do Servizo de deseño e posta en marcha dun Plan de Formación Sectorial do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Deza e Tabeirós-Terra de Montes "Os camiños por dentro" financiado polo Plan de recuperación transformación e resiliencia (compoñente 14) (Expte. 2025061519).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por Resolución Presidencial nº 2025009854, de data 03/12/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do *servizo de deseño e posta en marcha dun plan de formación sectorial do "Plan de sustentabilidade turística en destino Deza e Tabeiros-Terra de Montes . Os camiños por dentro", financiado polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Compoñente 14).*

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 03/12/2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

As empresas presentadas e admitidas son as seguintes:

- ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE DEZA (CIF G36187169)
- ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (NIF 34904364R)
- INNOTUR CONSULTORÍA E INNOVACIÓN S.L (CIF B44591923)
- MAGNAFOR QUALITAS, S.L (CIF B36565679)
- NORFORMACIÓN S.L. (CIF B36343218)

A Mesa de Contratación na reunión do día 26/12/2025 procedeu á apertura dos sobres "A", nos que aparte da documentación administrativa figuraba a documentación técnica, aportada pola empresa licitadora ao procedemento convocado para a contratación do referido servizo, remitíndose a mesma aos técnicos do servizo de Turismo Rias Baixas para efectos da súa valoración.



Con data 27/01/2026, a Xefa do Servizo de Turismo Rias Baixas, emitiu informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitadoras con (CSV: LAD3HPPY1EH6SXE4) sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

Empresas Licitadoras	1.- Metodología utilizada para o desenvolvemento do servizo (máximo 7,5 puntos)	2.- Metodología utilizada na edición e produción dos contidos didáticos (máximo 7,5 puntos).	3.- Captación de persoas beneficiarias (máximo 10 puntos)	Total (hasta 25 puntos)
NORFORMACIÓN, S.L.	6,90	7,10	7,50	21,50
INNOTOUR CONSULTORÍA E INNOVACIÓN, S.L.	6,20	4,70	8,50	19,40
MAGNAFOR QUALITAS, S.L.	3,80	4,00	7,00	14,80
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE DEZA	3,75	5,30	4,50	13,55
ELISA ESTÉVEZ RODRÍGUEZ	4,00	3,90	3,00	10,90

Á Mesa de Contratación acorda:

1. Prestar conformidade ás citadas puntuacións segundo constan no citado informe.
2. Acordar que se proceda a apertura do Sobre "B" correspondente aos criterios avaliábles automaticamente das empresas que acadan unha puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábles mediante un xuízo de valor (sobre A)..

11. Apertura do sobre B correspondente aos criterios avaliábles automaticamente do procedemento aberto simplificado para a contratación do Servizo de deseño e posta en marcha dun Plan de Formación Sectorial do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Deza e Tabeirós-Terra de Montes "Os camiños por dentro" financiado polo Plan de recuperación transformación e resiliencia (compoñente 14) (Expte. 2025061519)

O Secretario informa os asistentes das puntuacións acadadas na documentación técnica dos sobres "A" polas empresas admitidas neste procedemento aberto simplificado, en base ao informe emitido polo Xefe de Promoción de Emprego con CSV (LAD3HPPY1EH6SXE4) sendo éstas as seguintes:



Empresas Licitadoras	1.- Metodología utilizada para o desenvolvemento do servizo (máximo 7,5 puntos)	2.- Metodología utilizada na edición e produción dos contidos didáticos (máximo 7,5 puntos).	3.- Captación de persoas beneficiarias (máximo 10 puntos)	Total (hasta 25 puntos)
NORFORMACIÓN, S.L.	6,90	7,10	7,50	21,50
INNOTOUR CONSULTORÍA E INNOVACIÓN, S.L.	6,20	4,70	8,50	19,40
MAGNAFOR QUALITAS, S.L.	3,80	4,00	7,00	14,80
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE DEZA	3,75	5,30	4,50	13,55
ELISA ESTÉVEZ RODRÍGUEZ	4,00	3,90	3,00	10,90

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descrición e descarga da documentación presentada no sobre "B criterios avaliados mediante fórmulas das empresas que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor (12,50 puntos), sendo os valores ofertados por ditas empresas os seguintes:

ASOCIACION DE EMPRESARIOS DO DEZA

1.- Prezo total ofertado:

Importe sen o IVE:	56.999,93 €
IVE (21 %):	11.969,98 €
Importe total ofertado:	68.969,91 €

2.- Aumento de horas nos cursos de Dixitalización na xestión (20 horas) e Inglés (40 horas) respecto ao mínimo requirido no PPT:

Criterio	Valor ofertado
Nº de horas ofertadas a impartir a maiores nos cursos de Dixitalización na xestión	- 0 horas a maiores ☐ -5 horas a maiores ☐ -10 horas a maiores ☒
Nº de horas ofertadas a impartir a maiores no curso de inglés	- 0 horas a maiores ☐ -5 horas a maiores ☐ -10 horas a maiores ☒



3.- Oferta de horas titorías a maiores das establecidas como mínimas no PPT:

Criterio	Valor ofertado (max 20 horas)
Nº horas titorías presenciais nos concellos da Estrada e Lalín para a resolución de dúbidas no módulo de dixitalización de negocios turísticos a maiores das 20 horas establecidas como mínimo no PPT.	20 horas

4.- Oferta de visitas in-situ aos camiños:

Criterio	Valor ofertado
Nº visitas in situ aos camiños que serán obxecto de formación no módulo 3 ofertadas	-0 visitas ☐ -1 visitas ☐ -2 visitas ☐ -3 visitas ☒

INNOTUR CONSULTORÍA E INNOVACIÓN SL

1.- Prezo total ofertado:

Importe sen o IVE:	49.199,88 €
IVE (21 %):	10.331,97 €
Importe total ofertado:	59.531,85 €

2.- Aumento de horas nos cursos de Dixitalización na xestión (20 horas) e Inglés (40 horas) respecto ao mínimo requirido no PPT:

Criterio	Valor ofertado
Nº de horas ofertadas a impartir a maiores nos cursos de Dixitalización na xestión	- 0 horas a maiores ☐ -5 horas a maiores ☐ -10 horas a maiores ☒
Nº de horas ofertadas a impartir a maiores no curso de inglés	- 0 horas a maiores ☐ -5 horas a maiores ☐ -10 horas a maiores ☒

3.- Oferta de horas titorías a maiores das establecidas como mínimas no PPT:



Criterio	Valor ofertado (max 20 horas)
Nº horas titorías presenciais nos concellos da Estrada e Lalín para a resolución de dúbidas no módulo de dixitalización de negocios turísticos a maiores das 20 horas establecidas como mínimo no PPT.	20 horas

4.- Oferta de visitas in-situ aos camiños:

Criterio	Valor ofertado
Nº visitas in situ aos camiños que serán obxecto de formación no módulo 3 ofertadas	-0 visitas ☐ -1 visitas ☐ -2 visitas ☐ -3 visitas ☒

MAGNAFOR QUALITAS SL

1.- Prezo total ofertado:

Importe sen o IVE:	53.995,24 €
IVE (Exento):	0 €
Importe total ofertado:	53.995,24 €

2.- Aumento de horas nos cursos de Dixitalización na xestión (20 horas) e Inglés (40 horas) respecto ao mínimo requirido no PPT:

Criterio	Valor ofertado
Nº de horas ofertadas a impartir a maiores nos cursos de Dixitalización na xestión	- 0 horas a maiores ☐ -5 horas a maiores ☐ -10 horas a maiores ☒
Nº de horas ofertadas a impartir a maiores no curso de inglés	- 0 horas a maiores ☐ -5 horas a maiores ☐ -10 horas a maiores ☒

3.- Oferta de horas titorías a maiores das establecidas como mínimas no PPT:



Criterio	Valor ofertado (max 20 horas)
Nº horas titorías presenciais nos concellos da Estrada e Lalín para a resolución de dúbidas no módulo de dixitalización de negocios turísticos a maiores das 20 horas establecidas como mínimo no PPT.	20 horas

4.- Oferta de visitas in-situ aos camiños:

Criterio	Valor ofertado
Nº visitas in situ aos camiños que serán obxecto de formación no módulo 3 ofertadas	-0 visitas ☐ -1 visitas ☐ -2 visitas ☐ -3 visitas ☒

NORFORMACIÓN S.L.

1.- Prezo total ofertado:

Importe sen o IVE:	46.000,00 €
IVE (21 %):	9.660,00 €
Importe total ofertado:	55.660,00 €

2.- Aumento de horas nos cursos de Dixitalización na xestión (20 horas) e Inglés (40 horas) respecto ao mínimo requirido no PPT:

Criterio	Valor ofertado
Nº de horas ofertadas a impartir a maiores nos cursos de Dixitalización na xestión	- 0 horas a maiores ☐ -5 horas a maiores ☐ -10 horas a maiores ☒
Nº de horas ofertadas a impartir a maiores no curso de inglés	- 0 horas a maiores ☐ -5 horas a maiores ☐ -10 horas a maiores ☒

3.- Oferta de horas titorías a maiores das establecidas como mínimas no PPT:



Criterio	Valor ofertado (max 20 horas)
Nº horas titorías presenciais nos concellos da Estrada e Lalín para a resolución de dúbidas no módulo de dixitalización de negocios turísticos a maiores das 20 horas establecidas como mínimo no PPT.	20 horas

4.- Oferta de visitas in-situ aos camiños:

Criterio	Valor ofertado
Nº visitas in situ aos camiños que serán obxecto de formación no módulo 3 ofertadas	-0 visitas ☐ -1 visitas ☐ -2 visitas ☐ -3 visitas ☒

A continuación procédese á valoración dos criterios automáticos correspondentes ao sobre “B”, de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

Empresas Licitadoras	1. Prezo ofertado Max: 50 puntos	2. Aumento nº horas curso dixitalización na xestión e inglés Max: 10 pts	3. Oferta de titorías a maiores Máx:6 puntos	4. Oferta visitas in-situ aos camiño Max: 9 puntos	TOTAL Puntuación máxima: 75 puntos
Asociación de empresarios do Deza	11,353	10,00	6,00	9,00	36,353
Innotur Consultoría e Innovación SL	39,610	10,00	6,00	9,00	64,61
Magnafor Qualitas SL	22,724	10,00	6,00	9,00	47,724
Norformación SL	50,00	10,00	6,00	9,00	75,00

A Mesa de contratación acorda:

1.- Propor ao órgano de contratación a exclusión da empresaria, ELISA ESTÉVEZ RODRÍGUEZ ao non acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor (12,50 puntos).

2.- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas que optan á adxudicación do do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de deseño e



posta en marcha dun Plan de Formación Sectorial do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Deza e Tabeirós-Terra de Montes "Os camiños por dentro" financiado polo Plan de recuperación transformación e resiliencia (compoñente 14), que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE "A" Criterios Xuizos de valor	SOBRE "B" Criterios Automáticos	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	Norformación SL	21,50	75,00	96,50
2ª	Innotur Consultoría e Innovación SL	19,40	64,61	84,01
3ª	Magnafor Qualitas SL	14,80	47,724	62,524
4ª	Asociacion de Empresarios do Deza	13,55	36,353	49,903

3.- Propor ao órgano de contratación, neste caso o Deputado delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación deste procedemento aberto simplificado á empresa Norformación SL (CIF B-36.343.218), polos prezos e valores ofertados.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa Norformación SL (CIF B-36.343.218) atópase inscrita no Rexistro de contratistas da Xunta de Galicia con numero de inscrición 3957. Dito certificado de inscrición acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia de non estar incurso en prohibición de contratar.

4.- Facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa Norformación SL mediante comunicación electrónica para que, no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos entre a que se atopa a constitución de garantía definitiva.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

